

## Douscentos escritores de sete países debaten os problemas da literatura en portugués

Catro escritores galegos no I Congreso de Escritores en Língua Portuguesa celebrado en Lisboa



José Saramago un dos grandes escritores en lingua portuguesa presentes no Congreso de Lisboa

Do 1 ao 3 deste mes tivo lugar na Fundación Gulbenkian de Lisboa o 1º Congreso de Escritores en Língua Portuguesa, ante o descoñecimento dos medios informativos da Galiza e aínda que a representación galega foi a encargada de representar a todas as delegacións exteriores —escritores de máis de sete países— na súa intervención ante o pleno do Congreso

Tamén no propio Portugal o Congreso tivo menor relevancia da presumida para o primeiro encontro após o 25 Abril, ou sexa despois de que se produciuse a independencia de catro dos sete estados soberanos que se desenvolven no ámbito da lusofonia. Así, ademais dunha presenza loxicamente maior de portugueses, houbo representantes de Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Mozambique e São Tomé Príncipe, e representantes da Galiza (Manuel Maria, Bernardino Graña e Pilar Vázquez Cuesta. Méndez Ferrín estaba convidado pero non asistiu); Italia, Checoslováquia, a RFA, Suecia, Cataluña Francia, Bulgaria, Hungría e Roménia. Un total de douscentos escritores e estudiosos entre os cales Nélida Piñón, Jorge Amado, Luandino Vieira, Pepetela, Manuel Veiga; José Saramago ou a Ministra do Cabo Verde, Alda do Espírito Santo, foron algúns dos máis nomeados/as asistentes.

O Congreso abordou ponencias centradas en tres grandes grupos: o escritor e o proceso cultural das nacións; literaturas e lingua portuguesa no mundo e o escritor e a profesionalización. En canto ao primeiro deles contemplábase as novidades criadas pola adopción dos idiomas na nova situación de independencia e o uso que se está facendo do idioma na construción do Estado-nación, que nunha comunicación colectiva ao Congreso referíase da seguinte maneira "apoderáranse da lingua como se dun trofeu de guerra se tratase". Estivo pois presente o debate sobre as secuelas dos anos do colonialismo, a guerra, as dificultades actuais e as relacións coa antiga metrópole.

### Preocupacións profesionais

Se no Estado español se discute sobre dereitos de autor e isencións e cotizacións á Facenda tamén o problema da profesionalización foi abordado, coas marcadas diferencias que existen entre sociedades máis desenvolvidas e aínda en case-nacemento. Moitos escritores africanos están aínda a unha distancia insalvável de facer da escrita profesión, e en cuxos países as prioridades económicas aínda fan do libro un luxo. Dous escritores brasileiros opinaban, segundo recollía o *Jornal de Letras* portugués, sobre esta cuestión. Lydia Fagundes afirmaba que no Brasil hai tres especies en extinción "a árbore amazónica, o indio e o escritor", e de Iván Angelo "É desagradábel pensar que entre 150 millóns de persoas, o libro —un libro común, de autor coñecido mais non moi famoso— só encontre

cinco mil lectores ao longo da súa estada nas librerías. E iso: 5 mil exemplares o patrón das editoras, e non se pode dicir que esa edición será toda vendida. É curioso pensar que o número de escritores en actividade anda tamén neses 5.000, e daí é curioso pensar se non están a lerse uns aos outros. Quer dicir: nós seríamos os escritores e os lectores do país".

### A unicidade normativa

Abordouse no segundo bloco temático o problema normativo dentro da lusofonia, despois que o Acordo de Rio non fose xeralizado. Recollemos a opinión de Décio Pignatari, significadora dunha fórmula discutíbel, "a lingua portuguesa son as linguas portuguesas. O código escrito non se confunde co falado, cada cal sendo "o outro" para o outro. E porque son códigos diferentes poden dialogar creativamente. O parámetro fonético non pode nen debe ser uniformizado; o paradigma sintáctico, si; até certo punto co paradigma léxico en variábeis enriquecedoras. O paradigma ortográfico, aparentemente subsidiario, porque adventicio, pode e debe ser unificado, cun número mínimo de variábeis, tal como se observa no inglés, no francés e no castelán".

O próximo congreso celebrárase dentro de dous anos no Brasil —segundo a periodicidade bianual e rotatoria acordada— precedido dunha reunión preparatoria en S. Tomé Príncipe no 1990. O Congreso do 1993 celebrarase en Guinea-Bissau, e desde xa foi criada unha comisión de seguimento dos acordos tomados, para fomentar a súa aplicación. □

X.C.

## Manuel Maria

'Hai que meditar no porqué a lingua portuguesa non ten un Prémio Nobel'

Manuel Maria foi escollido entre os convidados ao Congreso para elaborar a intervención final destes. Estas foron algunhas das cousas que dixo e que non foron reflexadas en nengun dos xornais portugueses.

"Os galegos formamos parte dunha franxa atlántica que representa unha cultura, fronte á mesetaria que emprega o español ou a mediterránea que usa o catalán e fronte ao euskera. E neste centro de debate da lusofonia débese ter presente que esta ten orixe no galego-portugués, que é o idioma no que lles estou falando. Unha lingua que na Galiza ten resistido durante 400 anos contra todos os intentos de colonización e domesticación. Fálolles na lingua de Martín Codax de Vigo e do Rei Don Dinis de Portugal. É no galego portugués que está a orixe desa cultura que despois se espallou polo mundo.

Moitos dos presentes formamos parte de nacións sen estado e fago votos porque no Brasil, no II Congreso, esteñamos representados, alomenos xa con voz.

(...)A lingua é a maior conquista humana e polo tanto estou en contra da fixación estrita das linguas, un fenómeno que só lles acontece ás linguas mortas. Como dicía Vicente Risco, "Ser diferente é ser existente".

Agora que se dá a integración de Portugal e a Galiza na CEE, debemos reivindicar que a nosa presenza na Europa xa ven de moito atrás, cando os nosos traballadores tiveron que emigrar.



E temos que reivindicar con forza a nosa presenza en Europa e a lingua portuguesa como unha das grandes das culturas europeas. Se é máis importante que o grego, o finés ou o sueco, hai que meditar por que a lingua portuguesa non ten un Prémio Nobel, cando este non só se dá a un autor senón a unha cultura".

Finalmente Manuel Maria afirmou "compre non deixar morrer as linguas. Canto máis teña humanidade onde elixer máis rica será e cando algo morre o mundo esté queda máis probe". □

## Conclusións

Entre as resolucións máis interesantes destacamos as seguintes:

**Cursos** "Considerando o ensino en nivel superior de extrema importancia para a crecente difusión e comprensión das nosas literaturas e que as principais universidades dos nosos países ven mantendo, hai algun tempo, cursos de literatura en lingua portuguesa e que tal exemplo deve ser merecedor de algo máis que reciprocidade optativa propomos que os escritores aquí reunidos aproven a adopción de cursos das nosas literaturas nos currículos superior e universitario regulares e, nese intento, fagan esforzos xunto aos Ministerios de Educación e Cultura de cada país para facer efectivo este acordo".

**Fondo de compensación.** "Considerando que os países africanos de lingua oficial portuguesa enfrentan serias dificultades no dominio da edición, e que impeden que os seus escritores sexan divulgados e coñecidos no exterior; tendo en conta o feito de que cando un escritor consegue publicar no estranxeiro a súa obra non chega a ser difundida no seu propio país,

debido á falla de divisas para a súa adquisición, proponse que sexa criado un Fondo de Compensación, en moeda nacional de cada un dos países referidos, constituído polo lucro das vendas dos libros editados no estranxeiro e que poderá vir a ser utilizado polos editores para adquisicións diversas en cada un dos países".

**Isencións aduaneiras.** "Considerando as limitacións actualmente existente pédesese que cada unha das respectivas asociacións solicite dos respectivos gobernos, instrumentos legais que establezan isencións aduaneiras relativas á importación de obras de literatura de escritores de lingua portuguesa ou obras nos seus países traducidas para o portugués".

**Outros acordos** Tamén acordaron manifestar o seu pesar polo falecemento do escritor e filólogo brasileiro, Aurélio Buarque de Hollanda; felicitar ao goberno do Brasil pola creación do Instituto Internacional de Língua Portuguesa; a solidariedade co povo maubere do Timor Leste; pronunciarse contra o apartheid e en solidariedade con Salman Rushdie. □